



biblioteca virtual
de literatura universal en galego

<http://www.bivir.com>

O CIMITERIO MAREIRO

Paul Valéry

Tradución ó galego de Xiao Roel

Título orixinal: Le cimetière marin



Asociación de
Tradutores Galegos

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2008

© da tradución, Xiao Roel, 2008

I

Este teito maino onde andan as pombas
entre os piñeiros palpita, entre as tumbas.
Mediodía, o xusto, alí compón lumes.
O mar, o mar, por sempre recomezado!
Que máis recompensa tras dun pensamento
que un longo ollar sobre da calma dos deuses!

II

Que pura obra de finos lóstregos gasta
tanto diamante de invisíbel espuma,
e canta paz semella enxendrase!
Cando sobre o abismo un sol repousa,
traballos puros dunha eterna causa,
corusca o Tempo e o Soño é saber.

III

Tesouro estábel, Templo simple a Minerva,
masa de calma e visíbel reserva,
auga puntillosa, Ollo que en tí gardas
baixo dun veo de labarada tanto soño.
O meu silencio!... Edificio na alma

mais tellado de ouro con mil tellas. Teito!

III

Templo do Tempo que un so salaio resume!
Onda este punto puro subo e afágome,
rodeado da miña ollada mareira,
e como aos deuses a miña ofrenda suma,
o escintileo sereo sementa
sobre da altura un desdén soberano.

V

Así como o froito se desfai en gozo
como en ledicia cambia a súa ausencia
nunha boca onde morre a súa feitura,
a fondo inspiro aquí o meu futuro fume
e o ceo canta para a alma consumida
a mudanza das ribeiras en balbordo.

VI

Fermoso ceo, ceo certo, óllame a cambiar!
tras de tanto orgullo, tras de tanta extraña
nugalla, pero repleta de poder,
abandónome a este brillante espazo;

por casas de mortos pasa a miña sombra
que ao seu arrepiado movemento me ata.

VII

A alma exposta aos fachos do solsticio,
teño man de tí, admirábel xustiza
da luz provista de armas sen compaixón!
Vólvote pura ao teu primeiro eido:
Óllate!... Pero restituír a luz
supón unha moura metade de sombra.

VIII

Para min so, dentro de min so, en min mesmo
cabe o meu corazón, nas fontes do poema,
entre o baleiro e o suceso puro,
agardo o eco do meu grandor interno,
acerbo, sombrío e sonoro pozo
a soar na alma un oco sempre futuro!

VIII

Sabes ti, falso cautivo das follaxes,
golfo devorador destas magras grades,
nos meus ollos fechos, segredos magníficos?
Que corpo me arrasta ao seu fin preguiceiro,

que fronte o atrae até esta terra ososa?
Unha faísca pensa nos meus ausentes.

X

Fecho, sagro, cheo dun lume sen materia,
fragmento terrestre ofertado á luz,
gosto do lugar, dominado por fachos,
composto de ouro, pedra, árbores de sombra,
onde en tanta sombra treme tanto mármore.
O fiel mar dorme por sobre as miñas tumbas!

XI

Arreda o idólatra, cadela espléndida!
Cando so con sorriso de pegureiro
alindo longo tempo años misteriosos,
o branco gando das miñas mainas tumbas,
vas alonxando as prudentes pombas,
os ensoños vacuos, os anxos curiosos!

XII

Aquí chegado, o porvir é preguiza,
o neto insecto raña na segura
todo está queimado, desfeito, no ar
recibido en non sei que severa esencia...

A vida é vasta, bébeda de ausencia,
e o amargor é doce, e claro o espírito.

XIII

Os mortos ocultos acaen a esta terra
que os requenta e lles seca o seu misterio.
Mediodía no alto, sen movemento,
en sí se pensa e escóllese a sí propio.
Cabeza completa e perfecta diadema,
eu en ti veño sendo o secreto cambio.

XIV

Só a min me tes para conter os teus medos!
Os meus arrepentimentos, dúbidas, teimas
son o defecto do teu gran diamante!...
Na súa noite tan pesada de mármore,
un pobo vaga nas raíces das árbores,
manseliño, tomou bando xa por ti.

XV

Esluíronse nunha mesta ausencia,
a arxila vermella bebeu a branca especie,
o don de vivir pasou para as flores!
Onde están dos mortos as frases afeitadas,

a arte persoal, as almas especiais?
O verme fía onde se forman os choros.

XVI

Os gritos agudos das mozas acesas,
os ollos, os dentes, pálpebras molladas,
o seo encantador que co lume xoga,
o sangue a brillar nos beizos que se renden,
os últimos dons, os dedos que os defenden
todo vai baixo terra e ao xogo volve!

XVII

E ti, gran alma, agardarás un soño
que xa non terá estas cores de andrómena
que ante o noso ollo de carne fan onda e ouro?
Cantarás ti cando fores vaporosa?
Veña! Vaise todo! É a miña presenza
porosa. Tamén morre a santa impaciencia!

XVIII

Magra inmortalidade moura e dourada,
consoladora, horréndamente laureada,
a que da morte un seo materno fas.
A bela andrómena e a piadosa astucia!

Quen non reconece e quen non rexeita
ese cranio vacío, ese riso eterno!

XIX

Pais profundos, cabezas inhabitadas,
que, baixo o peso de tantas paletadas,
sodes a terra e os pasos enganádesnos,
o vero roedor, o verme irrefutábel
non é para vós que durmides baixo a campa.
Vive de vida, e non me dá deixado!

XX

Quizais amor ou xenreira de min propio?
Tan perto de min o seu secreto dente
que todos os nomes lle poden convir!
Que máis dá! Olla, quere, soña, apalpa!
Gosta da miña carne, e até no leito
para este que vive vívolle en pertenza!

XXI

Zenón!, crüel Zenón! Zenón de Elea!
Coa túa seta con alas trapasáchesme,
a que brande, voa, e que nunca voa!
Enxéndrame o sonido e a seta mátame!

O sol! Que sombra de sapoconcho é
para a alma, e Aquiles quedo ás alancadas!

XXII

Non, non! Ergámosnos! Na era sucesiva!
Racha o meu corpo, forma pensativa!
Bebe no meu seo o abrollar do vento!
Unha frescura, exhalada do mar,
vólveme a miña alma... Potencia salgada!
Corramos onde a onda que a vivir creba!

XXIII

Si! Grande mar de delirios fornecido,
coiro de pantera e clámide rachada
polos milleiros de ídolos do sol,
hidra total, da túa carne azul bébeda,
que che morde de novo o refulxente rabo
nun batifondo ao silencio parello.

XXIV

O vento érguese!... Cómpre tentar vivir!
O ar imenso abre e logo fecha o meu libro,
a onda en poeira ousa saltar os penedos!
Voade páxinas todas ofuscadas!
Crebade vagas! crebade rintes augas
neste teito maino onde pican os foques!